

Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 17, do 28.1.1994.

Emendas á totalidade, BOPG núm. 33, do 2.3.1994.

Emendas ó articulado, BOPG núm. 37, do 7.3.1994. Corrección de erros: BOPG núm. 45, do 23.3.1994.

Debate de totalidade, DSPG núm. 18, do 26.4.1994.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 105, do 7.9.1994.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 137, do 15.10.1994.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 37, do 8.11.1994.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 158, do 14.11.1994.

Diario Oficial de Galicia núm. 243, do 20.12.1994.

Boletín Oficial del Estado núm. 26, do 31.1.1995.

Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia

Esta lei foi derogada pola Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

1

De acordo cos artigos 148.1.6.º e 149.1.20.º da Constitución española, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 27.9 que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega, dentro do seu ámbito territorial, a competencia exclusiva en materia de portos non cualificados de interese xeral polo Estado, portos de refuxio e portos deportivos, ó tempo que no seu artigo 28.6 lle atribúe á propia Comunidade Autónoma competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que esta estableceza, en canto ós portos pesqueiros.

Conforme estas previsións constitucionais e estatutarias, o Real decreto 3214/1982, do 24 de xullo (BOE núm. 285, do 27 de novembro), e o Decreto do Consello da Xunta de Galicia 167/1982, do 1 de decembro (DOG núm. 10, do 12 de febreiro de 1983), tramitaron a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do marco competencial do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo,

das funcións e dos servicios relativos a tódolos portos e instalacións portuarias, suxeitos ou non a réxime de concesión, non cualificados de interese xeral polo Estado no Real decreto 989/1982, do 14 de maio, e ós de refuxio e deportivos existentes no seu ámbito territorial.

2

Os portos, que comezaron como puntos de descarga de mercadorías e pesca, evolucionaron ata convertérense nuns complexos industriais e mercantís onde se desenvolven numerosas actividades productivas e administrativas e que así mesmo realizan unha función de desenvolvemento rexional, permitindo a localización e promoción doutras industrias, e social, en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

En Galicia, o funcionamento e a evolución do sistema portuario teñen unha especial importancia, xa que as actividades relacionadas co mar representan un factor fundamental na súa estrutura socio-económica, e non en van o 60,67

por cento da poboación total das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra reside en concellos que contan con instalacións portuarias, e unha grande parte desa poboación desenvolve actividades directa ou indirectamente relacionadas co sector marítimo.

Do simple exame desta situación evidénciase a necesidade de que os órganos encargados da Administración portuaria posúan unha estrutura, organización e competencia baseadas en criterios que garantan a máxima eficacia no cumprimento das súas misións de planificación, construción e explotación dos portos.

O logro destes obxectivos esixe uns supostos básicos, dos que destacámo-los seguintes:

a) A autoridade debe ser única, con capacidade para dirixi-lo sistema portuario en tódolos seus aspectos.

b) Debe asegurarse a imparcialidade na toma de decisións con respecto ós sectores de usuarios dos portos.

c) A explotación realizárase con métodos comerciais que permitan acadar-la independencia financeira e a máxima competitividade.

d) Así mesmo, deben aplicarse métodos áxiles e flexibles na xestión, xa que a burocratización non é válida para un complexo tan cambiante como un sistema portuario.

e) En toda actuación no litoral

respectarase na súa integridade a conservación e protección do ambiente.

f) As directrices en materia portuaria coordinaranse coas xerais de ordenación do territorio, co fin de que a evolución dos portos vaia concorde co desenvolvemento das demais infraestructuras básicas do transporte e das comunicacións e coas estratexias de planificación das súas zonas de influencia.

3

Para conseguir que o órgano xestor posúa as características relacionadas anteriormente, resulta necesario o seu funcionamento como empresa integrada de servizos, para o que se considera idónea a fórmula do ente público que axuste as súas actividades ó ordenamento xurídico privado, salvagardando así o equilibrio que debe existir entre a idea de servizo público que preside as liñas básicas portuarias e a axilidade e efectividade da xestión.

4

A xestión reportará importantes vantaxes, entre as que destacámo-las seguintes:

— Mellora-la xestión económica e financeira do conxunto dos portos dos que é titular a Comunidade Autónoma de Galicia, mediante unha profesionalización xerencial

da Administración portuaria, perseguindo a eficacia na aplicación dos recursos, tanto económicos coma humanos, o control do gasto corrente, a mellora da xestión interna e a organización adecuada e racionalizada dos investimentos.

— Máxima representatividade ó coordinar, no seo do seu órgano rector, os distintos axentes públicos e privados implicados na actividade portuaria.

— Maior rapidez nas decisións, que permita unha mellora do funcionamento xeral do sistema.

— Flexibilidade para efectuar variacións nas partidas presupostarias, axustándoas ós requirimentos da explotación.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de creación do ente público Portos de Galicia.

Capítulo I

Natureza e funcións

Artigo 1. Natureza e personalidade.

1. Créase no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a entidade de dereito público Portos de Galicia, que desenvolverá e xestionará as funcións e os servicios

que, en materia de portos de competencia da Comunidade Autónoma, lle son atribuídos pola presente lei, con suxeición ós principios da Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia.

2. O ente público ten personalidade xurídica e patrimonio propios, así como plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, sen prexuízo das relacións que nesta lei se establecen coa Xunta de Galicia.

3. O ente público quedará adscrito á consellería competente en materia de portos.

Artigo 2. Obxecto.

1. Correspóndelle ó ente público Portos de Galicia o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servicios e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións.

Asumirá igualmente as funcións que, no ámbito de competencias da Comunidade Autónoma, lle poidan ser atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de xestión e actuacións no dominio público marítimo-terrestre.

2. Sen prexuízo das competencias que esta lei lles atribúe no seu capítulo III ós órganos superiores da Administración autonómica galega, o ente público Portos de Galicia dispoñerá das potestades reguladas na presente lei e das

facultades necesarias para a realización dos seus fins.

3. Para os efectos do desenvolvemento e cumprimento dos anteditos fins, o ámbito territorial de cada porto será o comprendido dentro dos límites da súa zona de servicios.

As augas de cada porto serán as adscritas pola Administración do Estado.

Artigo 3. Funcións.

1. Dentro da esfera de actividades encadradas no obxecto delimitado no artigo anterior, Portos de Galicia xestionará a explotación das instalacións portuarias e dos demais bens adscritos ó seu patrimonio.

2. Asumirá o fomento global da actividade económica no ámbito dos portos que dependen da Administración da Comunidade Autónoma, das actividades industriais ou comerciais directamente relacionadas co tráfico portuario e o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e construción portuarias.

3. Así mesmo poderá realizar coa iniciativa pública ou privada cantas operacións comerciais e industriais considere convenientes e xestionará tódalas obras, instalacións e servicios, podendo celebrar, para estes efectos, calquera clase de negocios xurídicos.

Artigo 4. Réxime xurídico.

1. Portos de Galicia rexeráse pola presente lei, que constitúe o seu estatuto, e polas disposicións que se dicten no seu desenvolvemento. Supletoriamente, e en materia de portos, será aplicable a lexislación estatal vixente.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, nas súas relacións xurídicas externas, adquisicións patrimoniais e contratación, o ente público estará suxeito ó réxime de dereito privado, sen outras excepcións cás previstas nesta lei.

Capítulo II

Estructura orgánica

Artigo 5. Órganos do ente.

Para o desempeño das súas funcións Portos de Galicia estrutúrase nos seguintes órganos:

- a) Presidente do Consello de Administración.
- b) Consello de Administración.
- c) Director.

Artigo 6. O presidente do Consello de Administración.

1. O presidente do Consello de Administración é o órgano superior de dirección e xestión do ente público.

2. O presidente será nomeado polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro competente en materia de portos.

3. Compételle ó presidente:

a) Exerce-la representación do ente público.

b) Desenvolver e executa-las directrices que dicte a Xunta de Galicia en materia da súa competencia.

c) Exerce-la alta dirección do persoal do ente público.

d) Propoñerlle ó Consello de Administración as políticas xerais de actuación e xestión do ente, de acordo coas directrices e cos criterios establecidos para o efecto pola Xunta de Galicia.

e) Exerce-la iniciativa na elaboración dos plans de obras, de instalacións dos portos e das súas ampliacións, e dos plans especiais de ordenación portuaria.

f) Formularlle e elevarlle ó Consello da Xunta, a través da consellería competente en materia de portos e por proposta da Consellería de Economía e Facenda, os programas xerais plurianuais de investimentos e o seu financiamento anual cos seus, se é o caso, complementarios presupostos de explotación e capital.

Así mesmo compételle formular e elevar ó Consello da Xunta, a través da consellería competente en materia de portos, logo de informe da Consellería de Economía e Facenda, o programa anual de actuacións e investimentos.

g) Acorda-la realización das

obras e dos investimentos, celebrando todos aqueles contratos, actos e negocios xurídicos que sexan necesarios para o desenvolvemento das funcións do ente e o cumprimento dos seus fins.

h) Acorda-las operacións crediticias a medio e longo prazo que sexan necesarias, logo de informe da Consellería de Economía e Facenda.

i) Acorda-las operacións crediticias necesarias para paliar os desequilibrios transitorios de tesourería.

j) Velar polo cumprimento dos acordos do Consello de Administración.

k) Conferi-las delegacións de facultades propias que considere convenientes.

l) Exercer tódalas funcións non atribuídas expresamente a outros órganos do ente público.

Artigo 7. O Consello de Administración.

1. O Consello de Administración é o órgano superior colexiado do ente público.

2. Estará constituído polo seu presidente e o número de vocais que se estableza regulamentariamente, nomeados polo Consello da Xunta, entre os que, en todo caso, estarán representadas as distintas consellerías que poidan ter intereses na materia por razóns da

súa competencia, en especial a consellería competente en materia de pesca, así como as entidades locais e os usuarios.

3. Compételle ó Consello de Administración, en todo caso, o exercicio das seguintes facultades:

a) Controla-lo cumprimento das directrices aprobadas pola Xunta de Galicia.

b) Aproba-las normas de réxime interior do ente público, así como a organización dos servizos administrativos e dos portos.

c) Aproba-la dotación de persoal do ente público e o seu réxime de retribucións, logo de informe da Consellería de Economía e Facenda.

d) Elabora-las tarifas por servizos portuarios para a súa posterior elevación ó Consello da Xunta, a través da Consellería de Economía e Facenda e por proposta da consellería competente en materia de portos.

e) Propoñerlles ós órganos competentes da Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de portos, a aprobación dos plans de obras, de instalacións dos portos e das súas ampliacións, así como dos plans especiais de ordenación portuaria.

f) Aproba-la xestión anual e o balance, así como a conta de resultados e a memoria de cada exercicio económico.

g) Promover e exercer, dentro do ámbito da súa competencia, toda clase de pretensións, accións e recursos perante calquera órgano da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e das administracións locais, así como perante os xulgados e tribunais de xustiza de calquera grao e xurisdicción, desistir dos formulados ou interpostos e transixir-las cuestións litixiosas, conferindo para o efecto as procuracións oportunas.

h) Conferi-las delegacións de facultades que xulgue oportunas.

i) Velar polo cumprimento da presente lei e das disposicións que se dicten para o seu desenvolvemento e execución.

4. O Consello de Administración designará, por proposta do seu presidente, un secretario, que exercerá as funcións propias do cargo nas empresas mercantís.

5. Regulamentariamente determinarase o funcionamento e réxime de adopción de acordos do Consello de Administración. No non previsto terase en conta o disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo poderá preverse regulamentariamente a creación de comisións delegadas do Consello de Administración.

Artigo 8. Xuntas territoriais.

Para o estudo dos problemas concretos que afectan a cada fachada marítima, poderán designarse xuntas de traballo, que actuarán con funcións consultivas e informativas.

Os membros das anteditas xuntas, que serán representantes dos distintos órganos da Administración e dos sectores de usuarios, serán designados polo Consello de Administración, por proposta do presidente do ente.

O seu ámbito territorial de actuación será fixado polo Consello de Administración.

Artigo 9. O director.

1. O director é o órgano de xestión do ente público, baixo a directa dependencia do presidente do Consello de Administración.

2. Será nomeado polo conselleiro competente en materia de portos, por proposta do presidente da entidade, entre funcionarios de recoñecida experiencia na xestión portuaria.

3. Correspóndelle ó director, nos termos sinalados no apartado 1 anterior:

a) Dirixi-la xestión ordinaria, a inspección do ente e dos portos e a súa explotación.

b) Velar pola percepción, contabilización e control dos ingresos derivados da xestión empresarial.

c) Exercer cantas funcións lle sexan delegadas e, en xeral, as que resulten inherentes ó normal funcionamento do ente.

Capítulo III

Relacións coa Administración autonómica

Artigo 10. Competencias do Consello da Xunta.

Compételle ó Consello da Xunta o exercicio das seguintes funcións:

a) A alta inspección e vixilancia do seu funcionamento, dictando para estes efectos as oportunas directrices.

b) Aproba-los plans de obras e instalacións, os programas xerais de investimentos e o seu financiamento.

c) A alta política en materia de ordenación e coordinación do tráfico e dos transportes portuarios no ámbito das súas competencias.

d) A designación e a destitución do presidente e, se é o caso, dos vocais do Consello de Administración, así como a fixación do seu réxime retributivo.

e) A adopción de medidas especiais en casos de emerxencia.

f) Aproba-lo proxecto de presuposto de explotación e capital e o programa de actuacións, investimentos e financiamento, así como, se é o caso, os convenios ou contratos de programa que propoña o

ente.

g) Aproba-las tarifas polos servizos portuarios e por ocupación do dominio público portuario adscrito á Comunidade Autónoma, así como as súas modificacións e revisións.

h) Adopta-los acordos sobre tráfico xurídico do dominio público portuario adscrito ó ente, nos casos en que esta facultade lle estea reservada pola Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma e o seu regulamento, e, en especial, no relativo á incorporación de novas infraestruturas portuarias.

Artigo 11. Atribucións da consellería competente en materia de portos.

1. Son atribucións da consellería competente en materia de portos:

a) O desempeño das funcións de inmediata relación de Portos de Galicia co Goberno e coa Administración autonómicas, especialmente para os efectos de actuación polas facultades enumeradas no artigo anterior.

b) A proposta de nomeamento e de destitución do presidente e dos vocais que regulamentariamente se determinen, así como o nomeamento e a destitución do director da entidade.

c) Emitir informe preceptivo sobre os plans, programas xerais en materia financeira e infraestruturas, os programas de actuacións, investimentos e financiamento, os

presupostos de explotación e capital e, en xeral, sobre tódalas propostas, proxectos ou documentación que deban someterse ó exame e á aprobación do Consello da Xunta.

d) Elevarlle ó Consello da Xunta, logo de informe da Consellería de Economía e Facenda e das consellerías competentes en materia de industria e comercio e de pesca, a proposta sobre política de tarifas portuarias.

e) Exercer nos termos previstos na lexislación vixente as facultades de expropiación forzosa que sexan precisas para o cumprimento dos fins do ente e promove-la entrega dos bens expropiados a Portos de Galicia, proponendo a súa afectación, nos termos regulados pola Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma e o seu regulamento.

f) Outorga-las concesións e autorizacións por ocupación de dominio público adscrito á Comunidade Autónoma dentro do recinto portuario e aplica-los correspondentes cánones, sen prexuízo do disposto no artigo 3.3.

g) Propoñe-la actualización da contía das tarifas portuarias de acordo coa variación do custo dos servizos, producida por alteracións nos índices de prezos.

Artigo 12. Competencias da Consellería de Economía e Facenda.

No non previsto expresamente nesta lei é competencia da Consellería de Economía e Facenda:

a) A alta supervisión da aplicación polo ente dos plans e programas financeiros e dos seus presupostos e, en xeral, de canto concirne á orde financeira de Portos de Galicia.

b) Presentarlle ó Consello da Xunta os plans económicos e presupostarios de Portos de Galicia e emitir informe sobre a súa aplicación e liquidación.

c) Presenta-las actuacións que, en materia financeira, teñan que someterse ó Consello da Xunta.

d) O exercicio das competencias que, respecto do dominio público portuario, lle son atribuídas pola Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma e o seu regulamento.

e) Exercer tódalas demais competencias que a Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia lle outorga á Consellería de Economía e Facenda no ámbito das empresas públicas.

f) O exercicio das atribucións previstas na Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Capítulo IV

Normas particulares de xestión e explotación empresarial

Artigo 13. Conservación, ampliación e amortización do material e das instalacións.

1. Portos de Galicia adoptará as medias axeitadas para garantir que as instalacións e infraestructuras portuarias ou os seus servicios e actividades accesorias e complementarias, así como o material confiado á súa custodia e explotación, sexan construídos, conservados e renovados conforme as necesidades do tráfico portuario e o progreso da técnica.

2. A atribución ó ente da xestión das instalacións dos servicios ou das actividades a que se refire o apartado anterior comprende o outorgamento implícito de tódalas autorizacións, permisos ou licencias administrativas de competencia da Administración autonómica que resulten necesarios para as obras de conservación, mantemento e reposición das instalacións e para as demais actividades auxiliares directamente relacionadas coa explotación portuaria, sen prexuízo das autorizacións ou dos títulos administrativos propios da competencia local ou estatal cando resulten esixibles.

Artigo 14. Condicións xerais de contratación.

O ente público elaborará as cláusulas ou estipulacións xerais rectoras da súa contratación, que aprobará o conselleiro competente en materia de portos. Os procedementos terán en conta, en todo caso, os principios de publicidade e concorrência, propios da contratación do sector público.

Artigo 15. Actividade inspectora.

Portos de Galicia exercerá a inspección dos servizos portuarios, co fin de garanti-la súa seguridade, a súa eficacia, o cumprimento polas empresas explotadoras e polos usuarios das obrigas que lles correspondan e a observancia das normas técnicas e comerciais de carácter xeral a que teñan que suxeitarse a xestión e explotación dos bens, das instalacións ou das actividades.

Capítulo V

Facenda e patrimonio

Artigo 16. Facenda.

1. Constituirá a facenda de Portos de Galicia o conxunto dos seus bens e dereitos.

2. Inclúense dentro da facenda de Portos de Galicia:

a) A totalidade dos produtos das tarifas por servizos e dos cánones que, de acordo coa lexislación sectorial, lle corresponda percibir á Comunidade Autónoma por concesións administrativas e autorizacións de xestión no dominio público adscrito a ela.

b) As dotacións ou subvencións que se consignen nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

c) O importe das operacións crediticias que poidan concertar.

d) As subvencións de todo tipo

que poida recibir.

e) Os demais ingresos de dereito público ou privado que se autoricen en virtude dos presupostos da Comunidade Autónoma ou doutra lei do Parlamento de Galicia.

Artigo 17. Patrimonio.

1. Para o desempeño das súas funcións adscribíense a Portos de Galicia os bens e dereitos que integran o dominio público portuario autonómico á entrada en vigor da presente lei, así como os posteriores incorporados a este por calquera título.

2. A adscrición implica a transferencia ó ente público das facultades de uso, xestión, administración e explotación vinculadas ós fins deste, sen cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens e dereitos cedidos.

3. Cando os bens e dereitos de dominio público portuario que tivese adscritos deixen de ser necesarios para o cumprimento dos fins propios do ente, estes serán obxecto de reversión na forma prevista nas leis sectoriais.

4. Portos de Galicia poderá realizar todo tipo de actos de xestión e aproveitamento dos bens demaniais adscritos que estean directamente relacionados co servizo e co tráfico portuario.

O Consello de Administración, sen necesidade de previa declaración de desafección do servizo,

poderá acorda-lo desmantelamento e, se é o caso, a venda dos demais bens mobles, e aplicará o seu produto ás atencións propias do ente.

5. O Consello da Xunta dictará, logo de proposta da Consellería de Economía e Facenda e de informe da consellería competente en materia de portos, as normas para a formación e permanente actualización do Inventario de Bens e Dereitos de Portos de Galicia, que se axustarán ás prescricións da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma e do seu regulamento.

Capítulo VI

Réxime financeiro

Artigo 18. Equilibrio económico-financieiro e formas do seu control.

1. O réxime de control financeiro e contabilidade pública, así como o presuposto de Portos de Galicia, axustaranse ó disposto na materia pola Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia, sen prexuízo das especialidades contidas na presente lei.

2. A xestión de Portos de Galicia desenvolverase de acordo co principio de equilibrio económico-financieiro da explotación.

Para tal efecto presentaralle anualmente ó Consello da Xunta, a través da Consellería de Economía e Facenda e por instancia da consellería competente en

materia de portos, logo de elevación a esta polo presidente do Consello de Administración, os presupostos de explotación e capital, así como os correspondentes programas de actuación, investimentos e financiamento, e a liquidación, memoria e balance do exercicio anterior debidamente auditados conforme as regras usuais nas empresas mercantís.

3. O Consello da Xunta determinará anualmente, dentro dos límites autorizados polos presupostos da Comunidade Autónoma, o destino dunha porcentaxe dos beneficios que resulten da conta de explotación á dotación dun fondo para atende-las necesidades de explotación e as de renovación, ampliación e mellora do activo.

4. Compensarase a Portos de Galicia polos gastos inherentes ó cumprimento das obrigas de servizo impostas pola Xunta de Galicia no exercicio das súas funcións de alta dirección institucional do ente.

Artigo 19. Tarifas portuarias e outros ingresos de explotación.

As tarifas, os cánones e os demais ingresos da explotación deberán cubrir, como mínimo, os seguintes pasos:

a) Explotación, conservación e depreciación do material e das instalacións portuarias, así como das infraestructuras que sirvan ós seus fins accesorios ou complementa-

rios.

b) Os gastos xerais que se consideren para cada instalación portuaria ou para os seus servizos ou actividades accesorias ou complementarias, dentro do límite máximo que se determine en virtude do decreto aprobado polo Consello da Xunta.

c) Os impostos esixibles.

d) As cargas económicas, administrativas e financeiras, incluíndo o reembolso de préstamos derivados da explotación e o pagamento de intereses.

Artigo 20. Efectividade dos créditos e das sancións.

O ente público poderá utilizar, para a efectividade dos créditos resultantes da explotación e das sancións pecuniarias que impuxese, o procedemento de constrinximento nos termos regulados no Regulamento xeral de recadación.

Capítulo VII

Persoal

Artigo 21. Réxime do persoal.

1. O persoal do ente público Portos de Galicia quedará vinculado a el en réxime de dereito laboral, sen prexuízo do previsto nas disposicións transitorias primeira e terceira.

2. O persoal estará sometido á lexislación laboral e ós preceptos

da Lei da función pública galega, que lle serán aplicables, agás nos supostos previstos expresamente na lei.

3. O persoal de Portos de Galicia será nomeado polo Consello de Administración dentro dos límites das relacións ou dos cadros de persoal aprobados de acordo coas previsións dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

4. O ingreso deste persoal con carácter fixo no ente público deberá realizarse mediante a convocatoria pública das correspondentes probas selectivas, que deberán ter en conta, en todo caso, os principios de mérito e capacidade.

5. O persoal funcionario ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia poderá entrar a formar parte de Portos de Galicia a través do procedemento que regulamentariamente se estableza, integrándose en todo caso no réxime de dereito laboral e respectándose a súa antigüidade.

6. Para estes efectos, o ente público recollerá nos seus plans económicos e financeiros as obrigas precisas para o respecto dos anteditos dereitos adquiridos.

Disposición adicional

1. O Consello da Xunta poderá autoriza-la creación de sociedades

mercantís dependentes do ente público para a xestión empresarial singularizada de actividades portuarias determinadas.

2. O ente público terá participación maioritaria no capital das sociedades referidas no número anterior, ás que se lles aplicará a lexislación autonómica sobre réxime financeiro e presupostario.

Disposición transitoria primeira

O persoal funcionario que á entrada en vigor desta lei estivese adscrito ós servicios de portos dependentes da consellería competente nesta materia poderá solicitar integrarse no cadro de persoal do ente público sen alteración na súa situación administrativa.

Disposición transitoria segunda

Ó persoal laboral que á entrada en vigor desta lei estivese prestando os seus servicios nos portos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia poderá solicitar integrarse en Portos de Galicia, conservando os dereitos laborais de todo tipo que teña recoñecidos. A integración axustarase á estrutura do cadro de persoal que no seu momento se aprobe.

Disposición transitoria terceira

Examinadas as solicitudes, os órganos do novo ente, á vista das súas necesidades de persoal, segundo a relación de postos de traballo que se aprobe, resolverán

sobre as devanditas solicitudes.

O persoal desta clase que non se integre en Portos de Galicia terá opción a presta-los seus servicios noutros órganos da Administración autonómica.

Disposición transitoria cuarta

O persoal interino e o contratado administrativo que á entrada en vigor desta lei prestase os seus servicios na Administración portuaria da consellería competente en materia de portos poderá así mesmo ser integrado en Portos de Galicia, na forma prevista na disposición transitoria primeira. En todo caso, o antedito persoal poderá acceder á condición de funcionario de carreira nos termos establecidos pola Lei da función pública de Galicia, nas mesmas condicións que o que non exercese a opción de integración.

O persoal desta clase que non se integre continuará prestando os seus servicios na Administración autonómica.

Disposición transitoria quinta

A integración no cadro de persoal do ente público entenderase sen menoscabo dos dereitos adquiridos con anterioridade polo persoal que a exerza.

Disposición derogatoria

1. Á entrada en vigor da presente lei quedarán derogados os decretos 19/1983, do 17 de xaneiro, e

351/1986, do 2 de outubro, polos que se regulan a estrutura e o funcionamento da Comisión de Portos de Galicia, e os títulos II e IV da Lei 6/1987, do 12 de xullo, do Plan especial de portos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Quedarán así mesmo derrogadas aquelas disposicións de igual ou inferior categoría que contradigan ou sexan incompatibles co disposto na presente lei.

Disposición derradeira

A Xunta de Galicia dictará no prazo de seis meses a partir do día da publicación desta lei no *Diario Oficial de Galicia* o regulamento para o seu desenvolvemento e aplicación.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 1994

Manuel Fraga Iribarne
Presidente